



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 19.02.2021**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 19.02.2021

HORA DE COMEZO: 12:05 h.

HORA DE REMATE: 13:10 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José María Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres, día 19 de febreiro de 2021, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.11.2020).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria aberta de Prácticums para 2021, que promove o Consello Social.
4. Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da proposta de actividades do Observatorio de persoas tituladas para o ano 2021.
5. Acordo que proceda, e elevación ao Pleno, sobre a elaboración dun Barómetro da UVigo dende a perspectiva dos empregadores, analizar as expectativas, os comportamentos sobre contratación e as competencias que buscan nos candidatos.
6. Acordo que proceda sobre a colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, para desenvolver iniciativas culturais, de innovación, ambientais e de achegamento dos investigadores ás empresas.
7. Aprobación, se procede, da colaboración solicitada para a organización da terceira edición do Foro de Emprego, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
8. Aprobación, se procede, da axuda solicitada polo equipo de investigación Ephylab da UVigo, para a realización dun vídeo que será proxectado en foros científicos de gran audiencia e servirá para práctica de laboratorio a nivel de secundaria e de universidade.
9. Proposta de renovación do servizo de mantemento e actualización dos contidos textuais e gráficos da web corporativa do Consello Social.
10. Acordo que proceda sobre a sétima axuda solicitada para organizar o Foro Tecnolóxico de emprego dirixido ás tres escolas de enxeñaría con sede en Vigo e ás dúas de Ourense.
11. Acordo que proceda sobre a petición da Unidade de Captación de alumnos para presentar a exposición "Eu son UVigo!", nos institutos de Galicia.
12. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia e evoca a importancia da presencialidade para estas reunións amosando o seu desexo de que se poidan retomar o antes posible.

Os asistentes reciben exemplares das publicacións "Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020" de Luis Espada Recarey e Víctor Manuel Martínez Cacharrón, "Barómetro de empregabilidade da Universidade de Vigo. Perspectiva dos empregadores na era Covid-19" de María Jesús López Miguens e Gloria Caballero Fernández, "Ensayos académicos sobre Iberoamérica y Galicia" de José María Franco García e "La Conciliación. Un derecho imprescindible en el siglo XXI" de Raquel María Vázquez Jiménez.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.11.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa do resumo dos acordos adoptados e os importes asignados durante as catro reunións que mantivo a Comisión en 2020, cun volume total de 44 puntos tratados e 218.000 euros concedidos, cifras similares a exercicios anteriores no que atinxe aos recursos.

Neste mesmo punto, a Comisión coñece o documento que contén a normativa de uso e funcionamento do Servizo da Comunidade Alumni-UVigo, adscrito á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, que se acaba de poñer en marcha e que xurde como resultado final da evolución do Observatorio de egresados, auspiciado polo Consello Social tras varios anos de traballo.

O presidente expón finalmente o contido dunha carta urxente na que a Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial comunica que está a preparar os actos de celebración do patrón, cun programa aberto á comunidade universitaria. Subliñan que un novo equipo acaba de facerse cargo da organización e os preparativos das actividades, previstas para mediados de marzo, e que pola prása e polas dificultades derivadas da COVID-19 non puideron presentar aínda a documentación para solicitar o apoio que precisan do Consello Social. Pide Ernesto Pedrosa que se considere e, de ser o caso, os asistentes se pronuncien excepcionalmente sobre a posibilidade de incorporar e valorar este punto na próxima reunión, cando probablemente se teñan celebrado xa os actos. Os asistentes dan a súa conformidade, tendo en conta as especiais circunstancias que concorren.

PUNTO 3

Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria aberta de Prácticums para 2021, que promove o Consello Social.

Ao igual que na edición anterior, no informe que se somete á Comisión figuran novamente doce solicitudes (recibidas ao abeiro da convocatoria pública do Plan anual de apoio a titulacións da Universidade de Vigo con dificultades para realizar prácticas preprofesionais). Informa o secretario que a cifra de peticións mantense, se ben desaparece a Escola Universitaria de Estudos Empresariais pero ocupa o seu lugar a Facultade de Educación e Traballo Social. Seis das peticións proceden do Campus de Vigo, catro de Ourense (+1) e dúas de Pontevedra. Consonte as bases, explícanse os criterios seguidos para o reparto de asignacións, no que se outorgan 1.800 € a cada solicitude, e se distribúe o resto segundo parámetros relacionados co número de alumnos beneficiados e as prácticas externas, tendo en conta que se outorga a mesma consideración ben sexan presenciais ou telemáticas. Nesta edición non se ten en conta o grao de execución das axudas concedidas para 2020, pola súa excepcionalidade debido ás limitacións impostas pola pandemia.

- ***A Comisión APROBA propoñer ao Pleno a distribución do Plan de Prácticums, dotado con 30.000 €, para o actual curso:***

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, 2.750 €; Escola de Enxeñaría Industrial, 2.400 €; Facultade de Bioloxía, 2.650 €; Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, 2.350 €; Facultade de Ciencias do Mar, 2.700 €; Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, 2.400 €; Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, 2.450 €; Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, 2.500 €; Facultade Dereito, 2.650 €; Facultade de Educación e Traballo Social, 2.800 €; Facultade de Filoloxía e Tradución, 2.940 €; Facultade de Historia, 1.410 €.



PUNTO 4

Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da proposta de actividades do Observatorio de persoas tituladas para o ano 2021.

(Neste intre ausentase da reunión Mercedes Castro).

O presidente explica que a recente posta en marcha da Comunidade Alumni permite acadar o obxectivo polo que foi creado o Observatorio de egresados da UVigo, pondo fin á valiosa e imprescindible liña de traballo desenvolvida neste senso por Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, quen agora manteñen a proposta de elaborar estudos e informes a través do Observatorio de persoas tituladas, que serán editados preferentemente en soportes dixitais.

Por indicación do presidente, intervén o secretario para resumir que en 2013 naceu o Observatorio de egresados, unha iniciativa promovida e financiada integramente dende o Consello Social. Engade Ignacio Rodríguez que *co heroico e impagable* traballo feito por Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, levouse a cabo a localización e identificación dos miles de titulados pola UVigo dende 1990 ata 2015, que fixo posible, por unha banda a posta en marcha da Comunidade Alumni que se acaba de crear dentro da UVigo para comunicación e intercambio cos antigos alumnos titulados, e por outra a consolidación dun Observatorio de persoas tituladas para a realización de estudos, informes e enquisas, seguimento da inserción laboral dos titulados, mantemento e actualización da base de datos e unha potente presenza en redes sociais, difusión telemática de contidos e páxina web. Sinala que dando por cumprido, polo tanto, o obxectivo de ter aberto xa dentro da UVigo e liderado por unha Vicerreitoría, o espazo de encontro entre a universidade e os titulados, o Consello Social valora trasladar o apoio ao Observatorio das persoas tituladas para que poida desenvolver as súas funcionalidades de análises e obtención de datos en 2021, "pola importancia que terán para apoiar a toma de decisións dentro da UVigo".

- ***Proponse unha aportación de 14.800 €.***

(Reincorpórase Mercedes Castro, a quen o presidente lle agradece a súa cortesía para evitar a presenza neste punto dado o seu vínculo con Luis Espada).

PUNTO 5

Acordo que proceda, e elevación ao Pleno, sobre a elaboración dun Barómetro da UVigo dende a perspectiva dos empregadores, analizar as expectativas, os comportamentos sobre contratación e as competencias que buscan nos candidatos.

A empregabilidade dos estudantes de último curso de Grao da UVigo, as oportunidades e as dificultades laborais que atopan, os aspectos a mellorar e as necesidades do mercado, e aqueles aspectos que máis valoran os empregadores son algúns dos indicadores que tratan de descubrirse con este traballo de prospección que dirixen as profesoras Gloria Caballero, M^a Jesús López e Paula Álvarez. O estudo-enquisa parte de que a empregabilidade tradicional queda atrás, e terán vantaxes as universidades que escoiten aos empregadores e reflexionen as necesidades imprescindibles para implementar nas súas titulacións. O obxectivo de visibilizar os factores que determinan a empregabilidade dos estudantes no momento presente orientase a coñecer a situación e expectativas do mercado laboral, as actuacións que realizan os empregadores en materia de contratación e as competencias que lle esixen aos candidatos a entrar nas súas empresas. O presidente considera convinte pedirlle as autoras que contribúan a facer públicos e presentar os resultados, para que a información e as conclusións se acheguen á sociedade.

- ***Apróbase propoñer ao Pleno unha axuda de 8.600 € para a elaboración, e 2.400 € para a recollida de datos e a edición de 50 exemplares nun só idioma.***



PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, para desenvolver iniciativas culturais, de innovación, ambientais e de achegamento dos investigadores ás empresas.

Propón Ernesto Pedrosa a colaboración transversal do Consello Social en distintas actividades de tipo cultural, ambiental ou artísticas coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, explicando que a programación que se desenvolverá ao longo do ano ten como obxectivo dar a coñecer o Campus Crea, abrindo así unha nova etapa de aproximación activa e estable do Consello Social aos Campus da UVigo. Unha das iniciativas máis destacadas será ofrecer ás empresas un catálogo de servizos dos 23 grupos de investigacións do Campus pontevedrés, ademais de conferencias públicas sobre hábitos saudables, economía circular ou emprendemento; xornadas de intercambio entre universidade e empresas ou xornadas dedicadas á investigación.

- ***Apróbase elevar ao Pleno unha proposta de axuda de 17.350 €.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da colaboración solicitada para a organización da terceira edición do Foro de Emprego, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Ten como obxectivo facilitar o acceso ao mercado laboral do alumnado dos ámbitos de ensino superior non tecnolóxicos. Focalízase cara a empresas e despachos profesionais con interese en captar non só alumnado con perfil de Dirección e administración de empresas, economista ou xurídico, senón tamén con perfís científicos como Químicas, Bioloxía ou Ciencias do Mar. As firmas participantes teñen a oportunidade de captar talento da UVigo. Desenvolverase os días 24, 25 e 26 de marzo de xeito virtual, se ben tamén haberá conferencias presenciais con aforo reducido. Aplícase a redución prevista nas normas respecto da pasada edición.

- ***Apróbase unha aportación de 2.830 €.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da axuda solicitada polo equipo de investigación Ephyslab da UVigo, para a realización dun vídeo que será proxectado en foros científicos de gran audiencia e servirá para práctica de laboratorio a nivel de secundaria e de universidade.

Informa Ernesto Pedrosa da petición do grupo EPhysLab que solicita a colaboración económica do Consello Social para a produción dun vídeo de tres minutos explicando como se medía o ozono no século XIX, e de como ese método séguese a utilizar como unha práctica de laboratorio a nivel de educación secundaria e universitaria. O vídeo sería proxectado durante a xuntanza xeral da Unión Europea de Xeociencias (EGU), que convoca a 20 mil persoas de todos os países do mundo, coa conseguinte repercusión e proxección da imaxe da UVigo.

- ***Apróbase unha axuda de 1.390,49 euros.***

PUNTO 9

Proposta de renovación do servizo de mantemento e actualización dos contidos textuais e gráficos da web corporativa do Consello Social.

Propónse renovar a contratación externa da actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación das iniciativas e presencias que desenvolve o Consello Social, de xeito que se poida garantir que estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, a soportes documentais e normativos, á visibilidade e ás actividades, cunha estrutura informativa máis axeitada e comprensible. Para este ano 2021 propónse unha suba da contrapartida económica debido ao aumento da carga de traballo e á conseguinte necesidade de dispor dun mínimo mantemento



informático. Ante calquera eventualidade, prevese unha revisión semestral das condicións de traballo e a súa valoración. Tanto o presidente como o secretario inciden na mellora rexistrada nas prestacións da web. Ante unha consulta de José María Franco, Ignacio Rodríguez cualifica a suba como razoable, dentro dos prezos de mercado, se ben propón que sexa dun 10% e non do 20% como se solicita.

- ***Asígnanse 550 €+IVE mensuais durante 2021, e un pago trimestral de 100€+IVE.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a sétima axuda solicitada para organizar o Foro Tecnolóxico de emprego dirixido ás tres escolas de enxeñaría con sede en Vigo e ás dúas de Ourense.

Exposta a situación, ábrese unha rolda de opinión dos asistentes tras informar o secretario de que aténdose ao que recollen as normas no se pode atender a petición. Engade que os organizadores son coñecedores desta limitación e que a asumen, no caso de que a Comisión non contemple a opción de outorgar a axuda de xeito excepcional como tamén se prevé na normativa para determinados casos. Vista a documentación e as explicacións aportadas polo presidente e o secretario, por asentimento, a Comisión ACORDA:

- ***Desestimar a axuda.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a petición da Unidade de Captación de alumnos para presentar a exposición "Eu son UVigo!", nos institutos de Galicia.

A Área de captación de alumnado organiza unha exposición itinerante para difundir a imaxe da UVigo como centro de prestixio que prepara para a vida real en todos os ámbitos de coñecemento. Percorrerá os centros educativos de secundaria e bacharelato na etapa previa á escolla de estudos universitarios, e poderá verse tamén nos centros de cultura e poboacións do rural de toda a comunidade. Os protagonistas serán 21 persoeiros relevantes da UVigo que acadaron logros destacados en todos os seus ámbitos de formación.

- ***Apróbase unha aportación de 8.000 euros.***

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas do 19 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias